

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **7603(10/PNC-000789)** Sobre a creación da Oficina Orzamentaria do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a transparencia nas súas actuacións, os investimentos realizados e os resultados obtidos, así como facilitar o acceso da cidadanía a esta información nas diferentes páxinas webs institucionais.

Emenda de Substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Continuar desenvolvendo os mecanismos de avaliación e mellora continua dos servizos públicos e, en particular, os sistemas de análise da demanda e o grao de satisfacción das persoas usuarias favorecendo que os servizos públicos respondan ás necesidades dos seus usuarios e se incremente a súa satisfacción cos mesmos.
2. Impulsar as funcionalidades do Rexistro de Contratistas de Galicia en aras a simplificar e axilizar os procedementos de contratación do sector público autonómico.
3. Continuar publicando en tempo e forma toda a información relativa aos contratos menores do sector público autonómico.
4. Continuar velando polo cumprimento das prohibicións de contratar previstas na lexislación sobre contratación do sector público.
5. Promover a aplicación da Guía de cláusulas sociais na contratación pública aprobada pola Xunta de Galicia co obxectivo de garantir os dereitos dos traballadores e asegurar as boas prácticas no eido laboral.
6. Velar pola correcta xustificación nos expedientes de contratación dos procedementos excepcionais, como os de urxencia.
7. Supervisar o cumprimento das previsións legais reguladoras das encomendas de xestión a persoas e entidades de dereito privado.
8. Desenvolver as accións que permitan incrementar o nivel de calidade e accesibilidade de toda a información que se publica en cumprimento da

normativa reguladora en materia de contratación pública e subvencións, a través da Plataforma de Contratación Pública de Galicia e do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

9. Levar a cabo a correcta supervisión de tal xeito que o procedemento de concorrencia competitiva na concesión de subvencións sexa a vía ordinaria salvo os supostos excepcionais previstos legalmente.
10. Seguir promovendo o comportamento ético na actividade administrativa e a conduta exemplar dos responsables públicos e, en especial, velar pola aplicación das pautas de actuación incluídas no Código ético da Xunta de Galicia”

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2017 18:08:15

Paula Prado Del Río na data 10/10/2017 18:08:36